



**Talentos mozos da informática,
reunidos por primeira vez en Galicia
na Olimpiada Informática Española**

ÍNDICE

- 3-7 páx** **Olimpíada Informática Galega
e Olimpiada Informática Española na Coruña**
-
- 8-13** **Entrega de premios de actividades do CPEIG
e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades
e Formación Profesional da Xunta de Galicia**
-
- 14-17** **Día das Rapazas nas TIC 2025 e campaña de concienciación coa
enxeñeira informática Ale Lugilde, máis coñecida en Tik Tok
como Simbeli, no Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia**
-
- 18** **Premios de Internet 2025 aos obradoiros de robótica
e programación para nenas e nenos hospitalizados do CPEIG e a Xunta**
-
- 19** **Xornada sobre cibercrimes no ámbito empresarial do CPEIG
e a Comisaría da Policía Nacional de Santiago**
-
- 20-21** **Distincións ao presidente, Fernando Suárez,
e ao secretario do CPEIG, Juan José González**
-
- 22** **O CPEIG nos medios de comunicación**
-

CONSELLO EDITORIAL

Fernando Suárez, presidente do CPEIG

Susana Ladra, vicepresidenta do CPEIG

Juan José González, secretario do CPEIG

Roberto Vieito, vicesecretario do CPEIG

Francisco Javier Rodríguez, tesoureiro do CPEIG

Iván Luis Vázquez, vogal do CPEIG

José Manuel Vázquez Naya, vogal do CPEIG

Contidos e asesoramento:

Vía Láctea Comunicación

Maquetación: **Vía Láctea Comunicación**

Suxestións e comentarios: revista@cpeig.gal

Datos de contacto do CPEIG

Rúa Fernando III O Santo 13-1ªA
15701 Santiago de Compostela
Tel: 981 592 773 - Fax: 981 553 997

www.cpeig.gal

ISSN 2255-3169



A Coruña foi sede da Olimpiada Informática Española no mes de abril co redondelán David Lago como terceiro clasificado e medalla de ouro

O estudante do IES Pedro Floriani representará ao país na competición internacional de Bolivia no verán xunto a Ricardo Batanero, Andrii Basov e Eulàlia Gaya

A 'XXIX Olimpiada Informática Española (OIE)' celebrouse no mes de abril na Facultade de Informática da Coruña (FIC-UDC), organizada polo Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) e a Universidade da Coruña (UDC).

A olimpíada española, que se celebrou por primeira vez en Galicia, contou coa participación de 41 estudantes (36 mozos e 5 mozas) de todo o país, seleccionados entre os mellores talentos en programación. Trátase dunha competición de programación algorítmica destinada a estudantes de ensinanza secundaria e bacharelato de toda España. O seu obxectivo é fomentar o talento en informática e a resolución de

problemas computacionais, preparando aos mozos e mozas para retos académicos e profesionais de alto nivel.

O Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes outorgou premios económicos aos 10 primeiros clasificados e ás dúas mellores mulleres clasificadas. Os estudantes que obtiveron premio de 1.000 euros foron os clasificados en primeiro, segundo e terceiro posto. Os estudantes que obtiveron premio de 750 euros foron os clasificados en cuarta, quinta e sexta posición; e os estudantes que recibiron de premio 500 euros foron os clasificados en sétima, oitava, novena e décima posición.

Gañadores da OIE

Medallas de ouro

1º clasificado

Ricardo Batanero Moranchel
(Cataluña): 1.000 euros

2º clasificado

Andrii Basov (Cataluña): 1.000 euros

3º clasificado

David Lago Alonso: 1.000 euros

4ª clasificada

Eulàlia Gaya Bretones (Cataluña):
750 euros + 1.000 euros (premio para
as mellores participantes femininas)

Medallas de prata

5º clasificado

Marc Bru Montoya: 750 euros

6º clasificado

Rodrigo Nieto Petinal: 750 euros

7º clasificado:

Guillem Vizcarro Sánchez Del Valle:
500 euros

8º clasificado

Héctor Verdeal Rodríguez: 500 euros

Medallas de bronce

9º clasificada

Ariadna Franch Pérez: 500 euros +
1.000 euros (premio para as mellores
participantes femininas incluído)

10º clasificado

Daniel García Carretero: 500 euros

11º clasificado

Pablo Madueño Vega

12º clasificado

Jaime Martínez Torrente



Os catro primeiros clasificados (medallas de ouro) compoñerán a delegación española que participará na Olimpiada Informática Internacional, que se celebrará do 27 de xullo ao 3 de agosto en La Paz (Bolivia).

A OIE 2025 estivo patrocinada por: Conferencia de Directores y Decanos de Ingeniería Informática (CODDII), Aula Escola Europea, Sociedad Científica Informática de España (SCIE), Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes, Consejo General de Colegios Profesionales de Ingeniería Informática (CCII), Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións de Galicia (CITIC), Turismo de Galicia, Cátedra Aldaba WIB, Bahía Software, Clúster TIC, Crowdstrike, DXC, Gadis e NTT Data, e conta coa colaboración da Deputación da Coruña e Turismo da Coruña.

A Olimpiada Informática Española de 2026 celebrarase na Universidade de Valladolid.

A Olimpiada Informática Galega celebrouse previamente en febreiro na Escola Técnica Superior de Enxeñaría da USC

O CPEIG, en colaboración coas tres universidades galegas –Universidade de Vigo (UVigo), Universidade da Coruña (UDC) e Universidade de Santiago (USC)–, celebrou no mes de febreiro a Olimpiada Informática Galega 2025 (OIG 2025) na Escola Técnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago (USC).

No certame participaron 18 estudantes de educación secundaria –ESO–, bacharelato e formación profesional de grao medio de

toda Galicia, procedentes de nove centros educativos e residentes na Coruña (1 participante), Vigo (1), Ribeira (1), Santiago de Compostela (6), Brión (2), Negreira (2), Burela (1), O Porriño (2), Redondela (1), Vedra (1).

Os gañadores foron, en primeira posición, David Lago Alonso, estudante do IES Pedro Floriani de Redondela; e no segundo posto Artai Isasi Vázquez, estudante do IES de Sar de Santiago.



Os premios foron os seguintes:


1º clasificado

David Lago Alonso

IES Pedro Floriani de Redondela.

400 euros e asistencia á

XXIX Olimpíada Informática Española.



3º clasificado

Hugo Domínguez Conde (de Vedra)

CPR Manuel Peleteiro de Santiago.

250 euros.




2º clasificado

Artai Asasi Vázquez

IES de Sar de Santiago.

300 euros e asistencia á

XXIX Olimpíada Informática Española.



4º clasificado

Hugo Gorgojo Basanta

IES Perdouro de Burela.

200 euros.



5º clasificado

Nicolás Freiría Casal

IES Ribeira do Louro do Porriño.
200 euros.



Mellor rapaza clasificada

Rocío Pérez-Muñuzuri Fernández

CPR Manuel Peleteiro de Santiago.
150 euros.



Mellor estudante da ESO

Laura Souto Bravos

CPR Manuel Peleteiro de Santiago.
150 euros.



A OIG 2025 estivo patrocinada por diversas entidades e empresas do sector TIC: Apser Cloud Services, AWS, Clúster TIC Galicia, Denodo, Dinahosting, DXC Technology, PuntoGal, GDI, Mindata, Minsait, NTT Data, Oracle, Sixtema e Veritas.

O CPEIG e a Consellería de Educación incentivan a paixón pola informática e visibilizan o gran talento dos estudantes galegos nun evento na Cidade da Cultura

Entregáronse os diplomas dos gañadores das últimas edicións da Olimpíada Informática Galega, o Concurso de programación universitaria Ada Byron e o Concurso Literario Infantil e Xuvenil sobre a Protección de Datos





O CPEIG e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia celebraron o pasado mes de marzo a entrega de premios da Olimpíada Informática Galega (OIG) das edicións de 2023, 2024 e 2025; o Concurso de programación universitaria Ada Byron de 2022, 2023 e 2024; e o Concurso Literario Infantil e Xuvenil sobre a Protección de Datos de 2023, 2024 e 2025.

O evento, que se celebrou no Centro de Innovación Cultural (Edificio CINC) da Cidade da Cultura, contou coa asistencia do conselleiro de Educación, Román Rodríguez; o presidente do CPEIG, Fernando Suárez; a vicepresidenta do Colexio, Susana Ladra; ademais do secretario da entidade colexial, Juan José González, varios patrocinadores e os estudantes gañadores dos diferentes certames informáticos que recolleron os seus diplomas, sumando aproximadamente un centenar de asistentes.

Fernando Suárez destacou a importancia de espertar vocacións tecnolóxicas desde idades temperás e de proporcionar

Fernando Suárez, presidente:
“Os mozos e mozas que hoxe premiamos serán os profesionais que mañá liderarán a transformación dixital de Galicia e do mundo, e apostar polo seu talento é apostar polo futuro”

oportunidades para que os mozos e mozas desenvolvan as súas habilidades en enxeñaría informática. “A tecnoloxía é clave para o noso presente e futuro, e Galicia necesita profesionais ben preparados para afrontar os retos dixitais. Con iniciativas como estas, queremos incentivar a paixón pola informática e visibilizar o gran talento que temos na nosa comunidade” –explicou–.

O presidente agradeceu a implicación de todas as persoas e entidades que fan posible a organización destes certames. “Os mozos e mozas que hoxe premiamos serán os profesionais que mañá liderarán a transformación dixital de Galicia e do mundo, e apostar polo seu talento é apostar polo futuro” –asegurou–.

Gañadores dos certames informáticos

OIG 2023

1º clasificado

Óscar Carballo Puebla

Colexio Liceo La Paz da Coruña

2º clasificado

Pedro Rey Anca

IES Saturnino Montojo de Ferrol

3ª clasificada

Isabel Villar García

CPR Colexio Manuel Peleteiro de Santiago

4º clasificado

Juan Pablo Pardo Pérez

CPR Colexio Manuel Peleteiro

Santiago

5º clasificado

Mario Prada Rodríguez

IES Martagisela

O Barco de Valdeorras

6º clasificado

Hugo Domínguez Conde

CPR Colexio Manuel Peleteiro

Santiago



OIG 2024

1º clasificado

Pedro Rey Anca

IES Saturnino Montojo de Ferrol

2º clasificado

Hugo Domínguez Conde

CPR Manuel Peleteiro de Santiago

3º clasificado

Juan Pablo Pardo Pérez

CPR Manuel Peleteiro de Santiago

4º clasificado

Hugo Gorgojo Basanta

IES Perdouro de Burela

5º clasificado e Mellor estudante da ESO

Miguel Pérez Barreiro

IES Politécnico de Vigo

5º clasificada e Mellor rapaza clasificada

Isabel Villar García

CPR Manuel Peleteiro de Santiago

Gañadores dos certames informáticos

OIG 2025

1º clasificado

David Lago Alonso

IES Pedro Floriani de Redondela

2º clasificado

Artai Asasi Vázquez

IES de Sar de Santiago

David e Artai representarán a Galicia na **Olimpíada Nacional** que se celebrará na Facultade de Informática da Coruña do 4 ao 6 de abril.

3º clasificado

Hugo Domínguez Conde

CPR Manuel Peleteiro de Santiago

4º clasificado

Hugo Gorgojo Basanta

IES Perdouro de Burela

5º clasificado

Nicolás Freiría Casal

IES Ribeira do Louro do Porriño

Concurso de programación universitaria Ada Byron 2022

Este concurso celebrouse en 2022 nas sedes universitarias da Coruña e Santiago. Os equipos gañadores foron:

Na categoría B:

'Rust Evangelists'

Na categoría C e global

'MeuGang'

Mellor rapaza clasificada

Rocío Pérez-Muñuzuri Fernández

CPR Manuel Peleteiro de Santiago

Mellor estudante da ESO

Laura Souto Bravos

CPR Manuel Peleteiro de Santiago



E os equipos representantes de Galicia no concurso nacional foron 'MeuGang' (gañador da sede da USC), 'The High Elders' (gañador da sede da UDC), 'Base(d)Code', 'we use arch btw' e 'Rust Evangelists'.

Gañadores dos certames informáticos



Concurso de programación universitaria Ada Byron 2023

Este concurso celebrouse en 2023 nas sedes universitarias da Coruña, Santiago e Vigo. Os equipos gañadores foron:

Na categoría A

'Binary Bandits'

Na categoría B

'SegvFault'

Na categoría C e global

The High Elders'

E os equipos representantes de Galicia no concurso nacional foron 'The High Elders' (gañador da sede da UDC), 'Costa Compás' (gañador da sede da USC), 'we use arch btw', 'Binary Bandits', 'SegvFault'.

Concurso de programación universitaria Ada Byron 2024

Este concurso celebrouse en 2024 nas sedes universitarias da Coruña, Santiago e Vigo. Os equipos gañadores foron:

Na categoría A

'Ácido clorhídrico'

Na categoría B

'Los Bandidos Binarios'

Na categoría C e global

'nome do equipo (nome do equipo)'

E os equipos representantes de Galicia no concurso nacional foron 'nome do equipo (nome do equipo)' (gañador na sede da USC), 'AbuelosDG', 'Los Bandidos Binarios' (gañador da sede da UDC), Ben sabe Dios que o intentamos, Ácido clorhídrico,); CREATE TABLE Joke(ID INT) (gañador da sede da Uvigo).



Gañadores dos certames informáticos



Concurso Literario Infantil e Xuvenil sobre a Protección de Datos 2023

A gañadora na categoría de Primaria foi **Lucía Rodríguez Pérez** do CEIP Virxe da Pena da Sela do Irixo.

O gañador na categoría da ESO foi **Álvaro López Mosquera** do Colegio de Fomento Peñarredonda da Coruña.

O **recoñecemento especial** do certame ao centro que máis traballos presentou foi para o **CEIP Virxe da Pena da Sela do Irixo**.



Concurso literario infantil e xuvenil sobre a protección de datos 2024

O gañador na categoría da ESO foi **Antón Álvarez Rodríguez** do IES República Oriental do Uruguai en Vigo.

A gañadora na categoría de Primaria foi **Lara Da Pena Fidalgo** do CEIP Virxe da Pena da Sela do Irixo.

O **recoñecemento especial** do certame ao centro que máis traballos presentou foi para o **CEIP Virxe da Pena da Sela do Irixo**.

Concurso literario infantil e xuvenil sobre a protección de datos 2025

O gañador na categoría da ESO foi **Adrián Fernández Pan** do Colexio Internacional Eirís da Coruña.

A Gañadora na categoría de Primaria foi **Violeta Baranda Pardo** do CEIP Virxe da Pena da Sela de O Irixo.

O **recoñecemento especial** do certame ao centro que máis traballos presentou foi para o **Colexio Internacional Eirís da Coruña**.



DÍA INTERNACIONAL DAS RAPAZAS NAS TIC



O Día das Rapazas nas TIC celebra as súa décimo terceira edición coa participación de máis de 700 estudantes de 20 centros escolares de primaria e secundaria

A actividade, organizada polo CPEIG, o CESGA e a Secretaría Xeral de Igualdade, contou cun coloquio de catro profesionais galegas que traballan nas TIC

O CPEIG organizou o pasado 24 de abril, xunto ao Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), dependente da Axencia Galega da Innovación (GAIN) da Xunta de Galicia e do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), e á Secretaría Xeral de Igualdade, a décimo terceira edición do "Día Internacional das Rapazas nas TIC" (International Girls in ICT Day), actividade destinada a motivar ás novas xeracións de mozas para que consideren o ámbito das TIC para o seu desenvolvemento académico, investigador e profesional.

O evento, destinado a motivar ás novas xeracións de mozas para que consideren o ámbito das TIC para o seu desenvolvemento académico, investigador e profesional, celebrouse na sede do CESGA en Santiago. O acto foi inaugurado pola directora da Axencia Galega da Innovación e presidenta do CESGA, Carmen Coteló Queijo; e o presidente do CPEIG, Fernando Suárez; e clausurado pola directora Xeral de Promoción da Igualdade da Xunta de Galicia, María Quintiana Pérez.



A actividade, destinada ao alumnado de primaria e secundaria de Galicia, consistiu nunha charla que se retransmitiu en vivo a través de internet, na que participaron profesionais galegas que contaron, dun xeito ameno e polo miúdo, a súa traxectoria, no que traballan, e o que a tecnoloxía pode aportar en diversos campos para mellorar a vida de todas e todos. Participaron na mesa redonda, moderada pola coordinadora da área e-learning do CESGA, María José R. Malmierca, catro destacadas tecnólogas galegas que traballan e investigan en ámbitos relacionadas coas novas tecnoloxías, desde

perspectivas moi distintas: A investigadora de computación cuántica Marta Losada, a investigadora de IA Yolanda Blanco, a enxeñeira aeroespacial Nadezhda Lucía Techera e a enxeñeira informática Alejandra Lugalde, coñecida en redes como Simbeli.

Desde 20 centros escolares inscritos, participaron na xornada máis de 700 estudantes de primaria e secundaria. Tamén de forma presencial e ao remate do coloquio, as estudantes presentes realizaron unha visita guiada ás instalacións do CESGA para coñecer o superordenador Finis Terrae III e o ordenador cuántico galego Qmio.



A lucense Ale Lugilde, máis coñecida en Tik Tok como Simbeli, anima ás nenas a estudar carreiras STEM nunha campaña do CPEIG no Día da Muller e a Nena na Ciencia

A enxeñeira informática protagoniza un vídeo cómico nas súas redes sociais e nas do Colexio para espertar vocacións tecnolóxicas entre as mulleres en idades temperás



O CPEIG lanzou en febreiro unha campaña de concienciación, no Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, para que as estudantes femininas opten por cursar carreiras das áreas STEM, concretamente, a rama da enxeñaría informática, e eliminar as brechas e desigualdades de xénero no ámbito científico. O obxectivo da efeméride é visibilizar o traballo das mulleres que se dedican ás áreas STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas), creando así referentes femininos para a infancia, que poidan contribuír á elección destas áreas como carreiras profesionais.

Como referente feminino, o CPEIG presenta o caso da enxeñeira informática lucense Ale Lugilde. Ademais da súa carreira profesional

ligada á informática, Ale é unha streamer e influencer con gran presenza en Tik Tok, onde ten 1,5 millóns de seguidores; Instagram, con 474.000 seguidores; e YouTube cunha canle con 794.000 subscritores. Nas redes sociais é coñecida como Simbeli (@simbeli_) e publica sketches humorísticos onde fai gala da retranca galega, cun humor absurdo e intelixente, moitas veces ela mesma caracterizada nos vídeos de diferentes personaxes ficticios.

Ale Lugilde ten ampla experiencia no desenvolvemento de software, arquitectura de solucións e liderado de proxectos tecnolóxicos. Está especializada na modernización de plataformas na nube e na implementación de estratexias de optimización para equipos técnicos. É unha apaixonada da innovación, a mentoría e a creación de iniciativas que impulsan melloras en procesos e metodoloxías de traballo.

Simbeli: "Utilizamos as matemáticas, a lóxica, a tecnoloxía e a creatividade para converter en realidade solucións e ideas. Ser creadora de contido mola, pero ser enxeñeira informática mola moitísimo máis"

Para promover estas vocacións tecnolóxicas entre as estudantes máis novas, Simbeli protagoniza un vídeo nas redes sociais do CPEIG (Facebook, Twitter, Instagram e LinkedIn) onde manda unha mensaxe a todas as persoas que “soñan con construír o futuro”. Na gravación aparece un dos personaxes de Simbeli, a bruxa, que intenta comprender o que é unha enxeñeira informática. “Utilizamos as matemáticas, a lóxica, a tecnoloxía e a creatividade para converter en realidade solucións e ideas. Ser creadora de contido mola, pero ser enxeñeira informática mola moitísimo máis” –asegura Ale Lugilde–.

O presidente do CPEIG, Fernando Suárez afirma que “espertar as vocacións tecnolóxicas entre as mulleres en idades temperás pode ser o mellor camiño para garantir que a poboación feminina se incorpore dunha maneira natural ao estudo das carreiras STEM e que xoguen un papel relevante nos sectores que están definindo as tendencias de futuro”. Tamén indicou que igual de importante é que todos os axentes do sistema educativo (pais, nais, titores e profesores) estean implicados no proceso.

O presidente explica que é preciso incrementar o número de mozas que apostan polas carreiras STEM e finalizar dunha vez por todas cos estereotipos e os obstáculos que impiden a igualdade no ámbito informático. “A profesión de enxeñaría en informática en Galicia está aínda moi masculinizada, con apenas un 17 % de mulleres, datos que se trasladan ao mercado laboral en España onde practicamente nove de cada de traballadores son homes, a pesar de que, como sinala a Comisión Europea, alcanzar a paridade de homes e mulleres na industria dixital permitiría elevar o PIB da Unión Europea nuns 9.000 millóns de euros anuais” –sinala–.



Para Fernando Suárez, a demanda de profesionais TIC altamente cualificados que implica o proceso xeral de transformación poderá ser un “excelente motor de igualdade” e fomentar a incorporación de mulleres a distintos sectores produtivos.

Ademais, Fernando Suárez asegura que, a pesar dos datos negativos, “a informática tamén é cousa de mulleres, e foron moitas as que xogaron un papel crucial durante décadas”, como a coñecida Ada Byron, filla do poeta Lord Byron, que pasou á historia como a primeira programadora e da que o CPEIG adoptou o nome para crear un premio pioneiro, a distinción Ada Byron da NOITE da Enxeñaría en Informática de Galicia; Grace Murray Hopper, creadora do primeiro compilador; Anita Borg, fundadora do Instituto da Muller e a Tecnoloxía; Hedy Lamarr, estrela do Hollywood clásico e inventora do espectro ensanchado por salto de frecuencia que se utiliza nos GPS, Bluetooth ou en nas conexións Wi-Fi; a santiaguesa Ana María Prieto, a primeira programadora galega e española; ou a ferrolá de adopción Ángela Ruiz Robles, creadora da enciclopedia mecánica que se considera o primeiro libro electrónico da historia.



Os obradoiros de robótica e programación para nenas e nenos hospitalizados do CPEIG e a Xunta, iniciativa galardoada nos Premios de Internet 2025

O presidente do Colexio, Fernando Suárez, recolleu o premio nun acto celebrado no Senado en Madrid

O CPEIG e a Xunta de Galicia foron distinguidos nos Premios de Internet 2025, convocados con motivo do *Día de Internet 2025* (#ddi2025/ #diadeinternet), baixo o lema «Por unha nova xeración de Internet comprometida coas persoas». Estes galardóns foron entregados o 16 de maio nun acto celebrado no Senado de España en Madrid no que se recoñeceron os mellores proxectos en materia de Transformación Dixital, Marca Persoal en Redes Sociais, Emprendemento e Investigación e Iniciativas para impulsar a Cidadanía Dixital a través de Internet con especial atención ao uso da Intelixencia Artificial.

Na categoría de *Iniciativas para impulsar a Cidadanía Dixital a través de Internet* foi premiado o **“Obradoiro de robótica e programación para nenas e nenos hospitalizados”**, unha iniciativa que xurdiu froito dun convenio entre o CPEIG e a Consellería de Sanidade. O galardón foi recollido polo presidente do CPEIG, Fernando Suárez.

Os obradoiros pretenden ser unha distracción positiva para os cativos ingresados, contribuíndo así á súa recuperación

emocional e mental. Celebráronse talleres polos hospitais das distintas áreas sanitarias galegas, nos que se desenvolven actividades como transformar froitas e utensilios de cociña en mandos de xogos de ordenador; ou probar robots con forma de coche ou mascota que mudan o seu comportamento en función do son ambiental, da luz ou da distancia a outros obxectos grazas a sensores integrados. As actividades realizáronse nas aulas infantís das áreas pediátricas dos hospitais públicos galegos.

Con estas actividades interactivas e prácticas proporciónase unha distracción positiva da situación médica de cada paciente, contribuíndo a facer o ingreso hospitalario máis levadío, xa que a hospitalización é unha fonte de estrés para os rapaces e para as súas familias.

Os obradoiros están pensados para desenvolverse en grupo e favorecer a interacción social, aínda que tamén se contemplan sesións virtuais no caso de pacientes que non poidan participar fisicamente nos xogos. Estes talleres están impartidos por empresas galegas do ámbito tecnolóxico a través dos seus plans de responsabilidade social corporativa.



Unha xornada no CERSIA deu a coñecer aos empresarios as ferramentas máis axeitadas para combater os ciberdelitos

Profundaron nas principais estafas, como o fraude do CEO, o empregado fiel, o ransomware ou o Business Email Compromise, a través de casos reais co obxecto de dar seguridade as súas empresas

A actividades estivo organizada polo CPEIG e a Comisaría da Policía Nacional de Santiago

O CPEIG e a Comisaría da Policía Nacional de Santiago organizaron o pasado 21 de maio unha xornada sobre ciberdelitos no ámbito empresarial. O presidente do CPEIG, Fernando Suárez, e o inspector xefe da Policía Nacional, Santiago Reboyas, impartiron a charla no Centro de Recursos e Servizos Integrals de Apoio á Empresa (CERSIA) en Santiago.

As empresas convertéronse en obxectivos prioritarios para os ciberdelincuentes. O auxe das estafas, como o fraude do CEO, o empregado fiel, o ransomware ou o Business Email Compromise, ademais doutras na enxeñaría social, están poñendo en xaque a seguridade e a continuidade de numerosos negocios.

Así, o obxecto da xornada foi dar a coñecer os principais tipos delituosos na contorna corporativa e concienciar, formar e dotar aos profesionais de ferramentas eficaces fronte a estas ameazas. “A prevención e detección de ciberdelitos, e a resposta a dar ante ameazas dixitais son as claves que deben manexar as empresas para protexerse de posibles delitos dixitais”, sinalou Fernando Suárez.

Na xornada, dirixida a empresarios, responsables de sistemas, persoal administrativo e calquera profesional implicado na xestión dixital da empresa, expoñéronse casos reais e as súas consecuencias legais, económicas e reputacionais, ademais das medidas de prevención e protocolos de actuación.

O ferrolán Fernando Suárez, presidente do CPEIG, recibe unha distinción na 30ª Noite das Telecomunicacións e a Informática, evento celebrado onte en Barcelona

**Recoñécese a súa
“xenerosa e valiosa” labor
en defensa da profesión de
enseñaría informática**



O presidente do CPEIG e tamén presidente do Consejo General de Colegios Profesionales de Ingeniería Informática (CCII), o ferrolán Fernando Suárez Lorenzo, recibiu un importante recoñecemento na 30ª Noite das Telecomunicacións e a Informática, unha gala organizada en Barcelona polo Col·legi Oficial d'Enginyeria Informàtica de Catalunya (COEINF) e a Associació Catalana d'Enginyeria de Telecomunicació i Tecnologies Digitals para premiar aos mellores profesionais e proxectos do sector TIC.

A distinción foi outorgada pola xunta de goberno do COEINF que recoñece así a súa “xenerosa e valiosa” labor en defensa e recoñecemento da profesión de enxeñaría informática. Desde diversas posicións no sector público, Suárez traballou para impulsar a transparencia e a innovación da administración a través de plans estratéxicos de transformación dixital. En canto ao desenvolvemento da profesión, liderou a elaboración do código ético da profesión a nivel estatal, a creación da comisión de xénero ou o selo do CCII para empresas éticas, así como proxectos para garantir o uso seguro das TIC en colectivos vulnerables.

O secretario do CPEIG, o enxeñeiro informático ourensán Juan José González Cid, premio da Unión Profesional de Galicia

“O seu compromiso co servizo público, a inclusión social e o impulso de diferentes proxectos colexiais reflicten a súa vocación por mellorar a vida das persoas a través da tecnoloxía”



O CPEIG celebra o galardón concedido ao enxeñeiro informático e secretario da entidade Juan José González Cid nos ‘Premios á Excelencia e Compromiso Profesional 2025’ da Unión Profesional de Galicia (UPG). Estas distincións foron entregadas nun acto en Santiago ao que asistiron o presidente do CPEIG, Fernando Suárez, e o tesoureiro do Colexio, Francisco Rodríguez.

O CPEIG propuxo a Juan José González Cid para este galardón por representar a “excelencia calada e constante”. Como secretario do CPEIG desde 2011, traballa cunha dedicación exemplar, sempre desde a discreción, cun carácter próximo e colaborador. “O seu compromiso co servizo público, a inclusión social e o impulso de proxectos como Navega con Rumbo ou o premio e-Inclusión da gala da NOITE que organiza anualmente o Colexio, reflicten a súa vocación por mellorar a vida das

persoas a través da tecnoloxía. É, sen dúbida, merecedor deste recoñecemento polo seu labor incansable, a súa xenerosidade e a súa humanidade” –manifesta o Colexio–.

Juan José González Cid (Ourense, 1977), que vive a cabalo entre a capital das Burgas e Santiago, é enxeñeiro en informática pola Universidade de Vigo e Máster en Dirección de Proxectos con especialización en Seguridade Informática. Funcionario de carreira en distintas administracións públicas docente na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) e a Universidade de Vigo. Actualmente traballa no ámbito TIC do Ministerio para la Transición Ecolóxica. Foi recoñecido pola Agencia Española de Protección de Datos (AEPD) e a Seguridade Social polo seu labor en ciberseguridade e inclusión dixital.

El Correo Gallego

28.01.2025



El Progreso

12.02.2025

La Voz de Galicia.

Edición Lugo
12.02.2025



Faro de Vigo

19.02.2025



La Voz de Galicia

05.04.2025



Diario de Ferrol

05.04.2025



La Opinión

07.04.2025



Faro de Vigo

09.04.2025



La Voz de Galicia

29.04.2025



Faro de Vigo

08.05.2025



La Región.

13.05.2025



Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

O CPEIG nos medios de comunicación